

MEMORIA 2013

Federación de Cineclubes de Galicia (FECIGA)

Rúa Ramón Cabanillas, 1-entr.
32004 Ourense
Teléfono: +(34) 988 235 946
e-mail: feciga@mundo-r.com
Web: www.feciga.org



INTRODUCCIÓN

A FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA (Feciga) é unha organización que aglutina a práctica totalidade dos cineclubs existentes no noso país, que actúa como xestora dos mesmos, e, ademais, como prestadora de servizos de asesoramento e organización de proxectos a entidades oficiais e privadas: programas de proxeccións, talleres de cine, mesas debate relacionadas co cinema, etc.



CICLOS CONXUNTOS

A **Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga)** organiza e coordina programas para a maior parte dos cineclubes, financiando unha boa parte dos custos de aluguer dos filmes.

SEMANAS DE CINEMA

Organizadas polos cineclubes, coa colaboración e o financiamento da Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga), teñen destacada transcendencia en cada localidade. Polo seu contido e calidade na organización, cada ano veñen acadando un grande nivel de aceptación.

PARTICIPACIÓN EN XORNADAS DO AUDIOVISUAL

Participación dos cineclubs que integran esta Federación na XII edición dos Encontros de Viana-Cinema e Video, que teñen lugar en Viana do Castelo (Portugal) nos primeiros días de maio de 2013.

As dúas principais seccións dos Encontros son os Olhares Frontais e o premio PrimeirOlhar.

A sección Olhares Frontais consiste nun encontro entre escolas de cinema de todo o mundo, que aproveitan a presentar os seus traballos e discutir sobre as súas prácticas pedagóxicas.

O premio PrimeirOlhar está dirixido aos documentais realizados por alumnos das escolas de cinema, audiovisuais ou comunicación de Portugal e Galiza. A colaboración que hai entre os Encontros e Galiza, queda de manifesto a través do premio PrimeirOlhar/Cineclubes, concedido pola Federación Portuguesa de Cineclubes e pola Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga).

Participación na XXX edición do Festival Internacional de Bogotá ao que asistiu, o vicepresidente da Federación de Cineclubes de Galicia.



CINECLUBE PADRE FEIJOO

O Cineclub Padre Feijoo naceu a principios do curso 1970-71, como actividade cultural dentro da Escola de Maxisterio de Ourense, e como herdeiro da tradición cineclubista da cidade que durante os sesenta foi representada polos cineclubes Ourense e Miño. Nos setenta, contribuíu ao xurdimento e desenvolvemento das Xornadas de Cine en Ourense, que pasaron en 1978 a se denominar Xornadas do Cine das Nacionalidades, abandeirando así o nacente cinema galego entre os das outras comunidades históricas do Estado.

Durante os oitenta, e xa definitivamente separado da Escola, o Cineclub seguiu con ciclos como as Mostras Cinematográficas (oito edicións) ou, máis tarde, o titulado «Espacios Fílmicos» en colaboración co Cine Dúplex. A isto hai que engadir a organización de cursos de formación cinematográfica e conferencias, ciclos de cinema infantil, de humor, expresionismo alemán, cinema francés..., e a edición de folletos e catálogos en galego practicamente desde a súa fundación.

As proxeccións do Padre Feijoo teñen pasado por multitude de salas durante estes anos, desde cinemas comerciais até salóns de actos públicos ou privados; coa inauguración a principios dos oitenta da Casa da Cultura, o seu salón de actos foi acondicionado mediante a instalación de dous vellos proxectores de 35mm, que seguiron en funcionamento até 2004, ano até o cal foi sede para as súas sesións —coa excepción do uso, a fins dos noventa e de forma intermitente, do Teatro Principal—. Desde 2004 veñen utilizando as salas comerciais, como o Cine Dúplex, agora xa pechado, e os multicines Cinebox. Está en proxecto a rehabilitación e o reequipamento da sala da Casa da Cultura, que aínda segue a empregar para actividades moi específicas.

Un dos logros do Padre Feijoo foi a consecución da creación da Federación de Cineclubes de Galicia, con sede na cidade das Burgas.



O Cineclub Padre Feijoo é un dos cineclubes en activo máis antigos de Galicia. Sen recuperar aínda a normalidade na súa actividade a causa da falta dun local propio para as proxeccións, o Cineclub conseguiu manter unha continuidade con oferta cinematográfica de calidade ao longo do ano.

Ano 2013

Seguimos a facer as proxeccións nos Cines Box de Ourense; empezamos con dúas sesións por filme pero diante da demanda do público ampliamos a tres sesións por filme no ano 2012.

Os títulos seleccionados para este ano foron os seguintes:

09-01-2013- O apóstolo
16-01-2013- Submarine
23-01-2013- La parte de los ángeles
30-01-2013- Ruby sparks
06-02-2013- El irlandés
20-02-2013- Una pistola en cada mano
27-02-2013- Moonrise Kingdom
06-03-2013- El amigo de mi hermana
13-03-2013- Las sesiones
20-03-2013- Hasta la vista
03-04-2013- En la casa
10-04-2013- Elena
17-04-2013- The master
24-04-2013- César debe morir
08-05-2013- Tabú
15-05-2013- Bestias del sur salvaje
22-05-2013- Amour
29-05-2013- Holly motors

O número de espectadores que asistiu a ver estos filmes foi de 5.671.-

Colaboración co Instituto Goethe e co Museo etnolóxico de Ribadavia. (125 espectadores)



06-08-2013 Mosconi – ou a quen pertence o mundo

13-08-2013 Princesas (Prinzessinnenbad)

20-08-2013 En busca da memoria (Auf der Suche nach dem Gedächtnis)

27-08-2013 O silencio de Gerda (Gerdas Schweigen)

Na Biblioteca Pública, en outubro, os filmes seleccionados para esta última parte do ano foron:

23-10-2013- Antes del anocheecer

30-10-2013- Weekend

06-11-2013- Un amor de juventud

13-11-2013- El amor bajo el espino blanco

27-11-2013- No se lo digas a nadie

04-12-2013- Dinero fácil

11-12-2013- 7 psicópatas

18-12-2013- El hombre sin pasado

A asistencia ás sesións do cineclube nesta parte do ano foi de 1.438 espectadores.



CINECLUBE VALLE-INCLÁN

O Clube Cultural Valle-Inclán nado en Lugo o 13 de febreiro de 1966. Celebrábase aquel ano o centenario do nacemento de D. Ramón María del Valle-Inclán e os fundadores deciden poñerlle ao novo club o nome do insigne escritor galego. Terá como primeiro presidente a D. Julio Ulloa Vence.

O Valle-Inclán, como é coñecido popularmente en Lugo, nace primordialmente como cineclub (cousa ben axeitada, pois o mesmo literato Valle Inclán subliñou a importancia da nova Arte Cinematográfica como compendio doutras, as plásticas, as sonoras e as literarias), seguindo a tendencia de representativas asociacións culturais da época, unha das poucas maneiras de agochar dialécticas heterodoxas que a censura ollaba entón con gran xenreira.

Así, xa o 4 de marzo do mesmo ano proxéctase nunha sala alugada a primeira das cintas, *Os paraugas de Cherburgo*, de J. Demy. Virá despois, durante anos, a mellor selección da sétima arte, nas pantallas do Cine España, Cine Kursal, Gran Teatro e Cine Victoria, hoxe desaparecidos.

Aínda que o cinema e o teatro son os puntos de referencia para a súa actividade, de inmediato a programación verase encamiñada á difusión e creación cultural, especialmente na recuperación, potenciación e defensa da cultura e a lingua galegas.

Despois dun tempo de silencio, o “Clube Cultural Valle-Inclán”, inicia unha nova xeira no ano 1994. Reivindicacións e manifestos —Por unha cidade viva; defensa do Gran Teatro e Cuartel de San Fernando—. Proposta para Cronista Oficial da Cidade. E de destacar o traballo a prol do recoñecemento pola Unesco da Muralla de Lugo como Ben Patrimonio da Humanidade. Máis cine. Novos ciclos. Cuestións de sempre. Agora os escenarios serán o Auditorio Gustavo Freira, Fundación Caixa Galicia, Escola Universitaria de Formación do Profesorado, Galería Sargadelos e Biblioteca Pública.



Ao longo do tempo o “Clube Cultural Valle-Inclán” ten programado actividades sobre historia, lingua e literatura, economía, desenvolvemento, educación, ecoloxía, saúde, tradición, vangarda, socioloxía, patrimonio cultural, arte, actualidade, presentación de libros, cursiños, música, poesía, Día das letras galegas, exposicións, viaxes culturais con rutas polas catro provincias galegas, limítrofes, Portugal e París...

Nomes para á presidencia: D. Julio Ulloa Vence, D. José Manuel Otero Novás, D. Benxamín Casal Vila, D. Ovidio Vázquez Rodríguez, D. Carlos Varela Veiga, D. Camilo Gómez Torres, D. Francisco Arrizado Yañez, D^a Carmen Vázquez Vázquez, D. Xerardo Pardo de Vera e D^a M^a Antonina Gay Parga.

O capítulo de cinema comprendeu —e comprende, pese á liberdade con que hoxe operan as empresas comerciais— a proxección de filmes tanto de xeito illado como con periodicidade fixa, e atendendo, sempre que isto é posible, aos ciclos temáticos ou de autor, de maneira tal que en numerosas ocasións se tratou de harmonizar e xunguir os temas desenvolvidos —historia, literatura— en conferencias cos seus correspondentes no cine. Os lugares de proxección foron até os anos oitenta as salas que se brindaban a iso, principalmente o Kursal, o Central Cinema e o España. Na renacemento que experimentou a sociedade nos anos 90, comezaron grandes dificultades para contar cos novos foros —os anteriores foron desaparecendo—, debido, sobre todo, ás compensacións económicas que esixían, o que aconsellou solicitar do Concello a cesión do Auditorio Municipal Gustavo Freire, que, aínda que precario, se usa na actualidade para as proxeccións cinematográficas en 35 mm, en agarda da construción do novo Auditorio-Teatro en proxecto, intramuros e polo tanto ben máis céntrico, o que resolverá o problema do relativo afastamento do Campus Universitario do lugar de exhibición. No ano 2006 iniciase unha colaboración coa Escola de Maxisterio para usar as súas instalacións para a realización de proxeccións en formato DVD. Na actualidade estamos a facer, tamén, sesión no Salón de Actos da Deputación de Lugo.



Ano 2013

Cinema

Ciclo de cine Brasileiro

coa colaboración da Embaixada de Brasil en España

17-01-2013- *Era uma vez*

24-01-2013- *A asa de Alice*

07-02-2013- *Meu nome nao é Johnny*

14-02-2013- *Cidade dos homens*

Cine Documental

22-01-2013- *O segredo da Frouxeira*

Coa presenza do director do filme.

Cinema no Auditorio

23-01-2013- *El edificio Yacoubian*

02-02-2013- *Esto no es una película*

16-03-2013- *Casa de tolerancia*

06-04-2013- *Tabú*

04-05-2013- *A cicatriz branca. Presentación da directora*

A asistencia a éstas sesións cinematográficas foi de 935 espectadores

Semana de Cinema Documental

368 espectadores

02-12-2013- *Arraianos*

03-12-2013- *Searchinf for sugar man*

04-12-2013- *Violeta se fue a los cielos*

05-12-2013- *Costa da morte*

Médicos sen fronteiras

En colaboración coa ONG. Presentación e coloquio de Mónica Álvarez

30 espectadores

11-12-2013- *Crímenes Invisibles*

11-12-2013- *El sueño de Bianca*



Filme “Peche tempada”

52 espectadores

16-12-2013- Días de pesca en la Patagonia

Viaxes

Día 20 xaneiro: Viaxe complementario da conferencia sobre Sta. Eulalia de Bóveda: Bóveda - castros de Prógalo e Corvazal - igrexas de Seoane do Alto- Bacurín - S. Román e Sta. Cruz da Retorta.

Día 17 febreiro: O Barbanza: Rianxo (casco histórico, castelo da Lúa...) - Castro do Neixón (Boiro) – Noia - Mosteiro e fervenza de Toxosoutos.

Día 07 abril: Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro – Mosteiro de Aciveiro. Pendellos da Feira de A Golada.

Días 10-11-12 maio: Reinosa - Cidade romana de Iuliobriga - Aguilar de Campoo (Mosteiro e Centro do Románico) – Igrexa románica de Cervatos e Igrexa rupestre de Olleros de Pisuerga.

Día 02 de xuño: Ruta no Catamarán de Belesar (encoro dos Peares) - igrexas da ribeira de Chantada: S. Salvador de Asma, Camporramiro e Nogueira de Miño.

Día 23 de xuño: Festa do socio: Pedregal de Irimia - Mosteiro de Meira - Castro de Rei. Xantar no Muíño de Monelos e paseo polas beiras do Azúmara.

Días 20,21,22 de setembro: Burgos, Xacemento prehistórico de Atapuerca, Museo de la evolución humana. Mosteiro de Las Huelgas e Cartuja de Miraflores.

20 de outubro: Explotacións auríferas romanas. Montefurado e O Courel. Regreso por Pedrafita do Cebreiro.

Día 9 de novembro: Patrimonio e gastronomía. Domus do Mitreo e “pulpada do socio”.

Día 10 de novembro: Castros do oriente lucense. Taramundi, As Grobas de Ribadeo e Pazouro, con Rinlo e Mondoñedo.

Letras galegas

Día 03 de maio.- Conferencia “A figura de Roberto Vidal Bolaño na emerxencia e consolidación do teatro galego contemporáneo”, por Carlos Caetano Biscaíño Fernández, actor, profesor e ensaísta especializado no sistema teatral galego, doutor en Filoloxía Galego-Portuguesa. Profesor na Universidade de A Coruña.



Galería Sargadelos. 20,00 horas.

Conferencias

Santa Eulalia de Bóveda e o seu contorno arqueolóxico, por Enrique Montenegro Rúa, licenciado en Xeografía e Historia pola UNED e doctorando no departamento de Prehistoria y Arqueología de la Facultad de Filosofía y Letras de la Universidad Autónoma de Madrid. Presentado por Felipe Arias Vilas, director do Museo Arqueolóxico de Viladonga.

Museo Provincial de Lugo. 20,00 horas.

Ciclo Castros Galaicos e Minas Romanas na Provincia De Lugo

Día 15 de outubro: Aurelia Balseiro García (directora do Museo Provincial de Lugo): A tradición ourive na historia antiga da Mariña lucense.

Día 17 de outubro: Luís López González (arqueólogo profesional, empresa Terra-Arqueos): A minería romana do ouro no S.E. da provincia de Lugo.

Día 05 de novembro: Ángel Villa Valdés (arqueólogo da Consejería de Cultura do Principado de Asturias): Os castros do occidente asturiano e a súa relación coa minería aurífera.

Día 07 de novembro: Emilio Ramil González (arqueólogo profesional, empresa AXA Arqueoloxía): Os castros da costa oriental lucense. Museo Provincial de Lugo. 20,00 horas.

Presentacións

Día 09 de maio: Infiltrados. Os servizos secretos, a UPG e outras historias do nacionalismo, de Alfonso Eiré. Co autor Antón Grande e Nely Quintás.

Día 24 de outubro: Arcadia. Os gardiáns do segredo, de Alberte Blanco Casal. Co autor, Branca Rodríguez Pazos e Tonina Gay.

Día 30 de outubro: El Mal de la Muralla, de Jesús García Calderón. Co autor, Felipe Arias Vilas e Tonina Gay.

Día 20 de novembro: La madriguera, de Aurora García Rivas. Coa autora, Xosé Otero Canto e Felipe Arias Vilas.

Galería Sargadelos. 20,00 horas.



CINECLUBE CANGAS

Aínda que as actividades cinematográficas do Cineclub comezaron en 1977, fixéronse continuadas en 1983, coa constitución da Asociación Cívico Cultural Xiria. Desde entón, veu desenvolvendo un labor central de difusión e potenciación da cultura, dentro do concello de Cangas do Morrazo e a súa comarca. Entre as actividades da asociación destácase o cineclub (cunha programación regular de dous filmes mensuais), a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo, a organización de recitais e concertos, xornadas literarias e de debate, de banda deseñada, contacontos e lecturas teatrais.

No ano 1997 o cineclub tivo que interromper a súa programación, ao reconverterse o cine de Cangas en multicines, e en 1998 recuperaron a súa actividade normal. No ano 2005, a actividade do cineclub veu determinada polo peche destes multicines, os únicos existentes en Cangas. Iso obrigou a unha inactividade forzada de medio ano, e conseguíuse reiniciar a programación grazas a un compromiso do concello de dotar o Auditorio Municipal de proxector de 35mm. Porén, a programación do Cineclub Cangas segue a estar determinada pola falla de dotación dese auditorio, xa que o acordo co concello para aboar o importe do aluguer do proxector resulta unha carga para manter unha programación continua.

O 2009 foi para o Cineclub Cangas un ano de certa recuperación de público. A regularidade na programación a partir do segundo trimestre, a opción definitiva polo cinema dixital e unha elección axeitada de títulos permitiunos recuperarmos unha parte do público que levabamos perdido por mor das malas condicións en que viñamos desenvolvendo a nosa actividade.

Ano 2013

Seguimos a manter o blogue e incluímos un perfil en Facebook para difundir o máis posible as nosas actividades.

As nosas proxeccións semanais fanse no Auditorio Municipal de Cangas ás 21'00 h.



Os filmes seleccionados para cada trimestre foron as que se relacionan de seguido:

Ciclo 1º trimestre

11-01-2013- El profesor Lazhar

25-01-2013- Las malas hierbas

08-02-2013- Historias de Shanghai

22-02-2013- Terraferma

01-03-2013- The deep blue sea

15-03-2013- Silencio de hielo

Ciclo 2º trimestre

05-04-2013- Ruby Sparks

19-04-2013- Amor bajo el espino blanco

03-05-2013- Four lions

10-05-2013- Los nombres del amor

24-05-2013- En la casa

07-06-2013- César debe morir

O número de espectadores que asistiu as proxeccións no primeiro semestre do ano foi de 633.

Despois do descanso do verán o cineclub volta a súa actividade coa seguinte programación:

27-09-2013- En otro país

11-10-2013- El ejercicio del poder

25-10-2013- La pequeña Venecia

15-11-2013- Bárbara

29-11-2013- La parte de los ángeles

13-12-2013-La caza

O número total de persoas que asistiron os filmes da última parte do ano é de 344.



CINECLUBE LUMIÈRE

O Cineclubes Lumière foi creado en 1993 por un grupo de persoas de diferentes profesións co fin de incorporar á cidade outra canle cultural, inexistente até ese momento, e outro xeito de ver o cinema. O nacemento do Lumière supuxo recuperar para a cidade olívica unha actividade que non tiña continuidade dende o ano 1982, data en que desaparecera o último dos cineclubes vigueses dos anos setenta.

Ten como fins a difusión da cultura cinematográfica; a estimulación da vocación e o interese polo estudo e o goce do cine; o achegamento do cine á sociedade dun xeito educativo e crítico; e, ademais, a promoción dos realizadores novos, facilitando a produción e a posterior exhibición dos seus traballos.

Alén diso, ten como obxectivo xeral organizar e ofrecer ao público unha colección ampla de materiais bibliográficos, gráficos e audiovisuais, que permitan a todas as persoas interesadas acceder a unha información actualizada sobre temas específicos de cine.

Entre as actividades realizadas ao longo da súa historia cabe destacar as colaboracións estables —organizando diversos ciclos de cine— con numerosas entidades de Vigo, promotoras de cultura, educación, integración social e veciñal, como as concellerías de Xuventude, de Educación e da Muller, a Universidade de Vigo, a Alianza Francesa de Vigo, a Escola Oficial de Idiomas, a Aula de Cultura de Caixa Galicia, a Obra Socio-Cultural do Centro Cultural Caixanova, o Colexio de Arquitectos de Vigo, a Fundación Érguete-Integración ou asociacións veciñais como o Plan Comunitario de Teis, Casco Vello, Val do Fragoso, etc.

No eido estritamente cinematográfico, o Cineclubes Lumière organizou o I Premio de Guións Chano Piñeiro, no ano 1995; ciclos de cinema galego-portugués, nos anos 1993 e 1994; un ciclo de cinema cubano, no ano 1997; e mostras de curtametraxes de novos realizadores, entre os anos 1994 e 2003.



Membros da súa directiva participaron como xurado no Festival Internacional de Cine de Figueira da Foz (Portugal), no ano 1995, e no Festival Internacional Karlovy Vary (República Checa), no ano 2002.

O Cineclube colaborou ademáis na produción de curtametraxes, organizou exposicións, cursos, coloquios e mesas redondas, e participou en tertulias e entrevistas de radio e televisión.

Ano 2013

Seguimos a facer as nosas proxeccións no Auditorio do Concello de Vigo os luns ás 20'30 h.

Os filmes escollidos para a programación do 1º semestre do ano 2013 foron os seguintes:

07-01-2013- Martes después de navidad

14-01-2013- Ralf König, rey de los comics

18-01-2013- Solo es el principio

21-01-2013- Submarine

04-02-2013- El molino y la cruz

11-02-2013- The black power mistape

18-02-2013- Reality

25-02-2013- Meditación entre rejas

04-03-2013- Coriolanus

11-03-2013- Big boys gone bananas

18-03-2013- Hasta la vista

08-04-2013- Marieke

15-04-2013- The queen and I

22-04-2013- Il villaggio de Cartone

06-05-2013- Días de pesca en la Patagonia

13-05-2013- Erase una vez en Anatolia

20-05-2013- Ruby sparks

03-06-2013- Weekend

10-06-2013- Kuchu

17-06-2013- Tomboy



O número de espectadores que asistiu as sesións do cineclube na primeira metade do ano foi de 1.430.

Despois do parón estival o cineclube volta a súa actividade no mes de setembro coa programación seguinte:

02-09-2013- El ejercicio del poder
06-09-2103- La última legion
16-09-2013- De jueves a domingo
23-09-2013- Spring breaker
07-10-2013- Rebelde
14-10-2013- Sobre el cielo rosa
21-10-2013- Todo irá bien
04-11-2013- El estudiante
11-11-2013- Corazón sueco, sangre finlandesa
18-11-2013- El vendedor
02-12-2013- Corre, duerme, muere
09-12-2013- Mi fábrica
16-12-2013- Footnote
23-12-2013- Autobiografía de un mentiroso
30-12-2013- A costa da morte

Outras actividades do Cineclube Lumiére:

Colaboración coa Alianza Francesa de Vigo; proxección dun filme de cinema francés un día ao mes de xaneiro a xuño e de outubro a decembro.

Organización de obradoiros de fotografía dixital, composición fotográfica e photoshop. Tamén de escritura cinematográfica. Como resultado destas actividades sigue a funcionar o grupo fotográfico do Cineclube. Os obradoiros de escritura cinematográfica deron lugar a rodaxe dalgunha curtametraxe co alumnado do obradorio.



CINECLUBE PONTEVEDRA

O 24 de abril de 1954 presentouse no Goberno Civil de Pontevedra o Regulamento do Cineclub Pontevedra, regulamento que foi aprobado o día 2 de xullo do mesmo ano pola Dirección General de Política Interior do Ministerio de Gobernación.

O día 13 de xuño de 1954 comezaron as actividades culturais, previa autorización gubernativa provisional, coa primeira sesión cinematográfica, que consistiu na proxección dos documentais *France 4 saisons*, *Van Gogh*, *Versailles e ses fantômes* e *Balzac*, que foron cedidos pola Embaixada de Francia.

O domicilio social estableceuse, daquela, nas oficinas da Delegación Provincial de Información e Turismo de Pontevedra, cedidas polo Delegado Provincial, Sr. Álvarez Villar.

A autorización definitiva data do 18 de agosto de 1954, e o Cineclub Pontevedra é inscrito no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil co n.º 20.

Nestes máis de 50 anos, o Cineclub Pontevedra mantivo a súa actividade ininterrompidamente a pesar dos avatares e cambios ocorridos nas preferencias do público, nos cinéfilos e nos medios audiovisuais.

Entre as múltiples actividades desenvoltas de xeito regular está o Ciclo de Cinema de Actualidade, o Ciclo de Historia do Cinema, o Ciclo de Cinema adicado á Muller, as Noites Abertas, o Ciclo de Cinema Galego, Cinema na Rúa e, ultimamente, a Semana de Cinema Infantil.

Ano 2013

Ciclo de Cinema Infantil

en colaboración coa ANPA Alvarez Limeses



26-01-2013- *Les trippetes de Belleville* (187 espectadores)

23-02-2013- *Os contos do camiño* (152 espectadores)

A bruxa regañadentes

A cousa que máis doe do mundo

A grande viaxe

A pota que trota

A tartaruga que quería durmir

Corre corre, cabaciña

Pedra, Pau e Palla

Rato Tom e rata Tomasa

Un gato na árbore

23-03-2013- *Kiriku y la bruja* (164 espectadores)

11-05-2013- *Nocturna* (112 espectadores)

01-06-2013- *Ponyo en el acantilado* (169 espectadores)

Obradorio Cinemadamente

Cineclube Pontevedra no Liceo Mutante

Cinemadamente é máis ca un obradoiro arredor do cine, é todo un laboratorio de experimentación. Mediante unha práctica totalmente artesanal, os participantes intervirán sobre filmes antigos (8, 16 e 35mm) dando lugar a novos filmes nos que o xesto, a cor e a imaxinación tomarán o papel protagonista.

O obradoiro foi impartido por Cris Lores (Cineclube de Pontevedra), proxeccionista do cineclube; Cineasta do Mundo: [Cinemadamente](#)

16 participantes

Ciclo Novo Cinema Galego

en colaboración co Liceo Mutante

20-06-2013- *Fóra de Pablo Cayuela, Xan Gómez* (46 espectadores)

28-06-2013- *Tanyaradwa de Alberte Pagan* (58 espectadores)

Cinema no Xardín

Venres 19 Xullo, Fantasmas 1, Fantasmas 2, Adolescentes, Angel Santos (49 espectadores)



Realización do filme “Mesa para cuatro”

en colaboración con Amencer- Aspace

Filmación, produción e montaxe. A estrea do filme é o día 11 de abril no Café Moderno. Asisten 200 persoas.

O día 25 de maio proxectase, de novo, no Casino Mercantil, dentro da programación de Noites abertas. 51 espectadores

Cursos de Cinema

Confección e proxección de curtametraxes para o programa “noites abertas” co Concello de Pontevedra. Duración: de febreiro a maio.

Maio mes da lingua

en colaboración co Concello de Pontevedra

07-05-2013- O apóstolo (271 espectadores)

15-05-2013- Fora (49 espectadores)

Cine na lúa

24-07-2013- Grupo 7

25-07-2013- Mientras duermes

26-07-2013- Intocable

27-07-2013- El caballero oscuro: la leyenda renace

28-07-2013- Up

Ciclo Arquitectura e Cinema

23-10-2013- O templo da Veracruz

23-10-2013- Mies van der Rohe, Mies

30-10-2013- Buckminster Fuller



CINECLUBE OS PAPEIROS

Tal como anos anteriores e coas mesmas dificultades nas que seguimos insistindo ao tratarse dun concello rural, de menos de 10.000 habitantes, sen infraestrutura de ningún tipo (auditorio, sala de actos...) onde se poda desenvolver unha programación cinematográfica con continuidade, o Cineclub Os Papeiros, cumpridos xa os 23 anos de existencia, continuou a desenvolver todo tipo de actividades de animación cultural por medio do audiovisual, incrementando con novas propostas no eido da educación para a mocidade sobre o mundo do cinema.

Estas foron as nosas actividades:

Cinemateca con rodas

220 préstamos

Aberta todos os días, de luns a sábado, na Casa da Cultura de Chantada. Este é un proxecto de “vídeoclube alternativo e de balde” (máis en Chantada, que tampouco ten aberto ningún vídeoclube). Trátase dun carriño importado dende Alemaña por *Bike-Tech*, que carga con máis dun cento de filmes, curtametraxes, documentais... de 30 países, cinema de autor, cinema clásico... e que se oferta de balde na Casa da Cultura.

Obradoiros de cinema da Casa Enchantada

A Casa Enchantada é o nome dunha produtora de cinema para mozas e mozos que creou o Cineclub en colaboración con “La casa de la tos”.

Esta produtora ten aberto un sitio na rede, no portal audiovisual [Vimeo](#) (procurar “a casa encantada”). A produción do 2013 foi:

Os pajarros non ollan para as estrelas

Asombrados

Os chichóns

Deus vive nas árbores



O corre da alma

Historia dunha gaivota e o neno que lle ensinou a bucear

1º Campamento de Cinema e Ecoloxía

O Cineclub Os Papeiros de Chantada en colaboración coa Federación de Cineclubes de Galicia e coa monitorización do grupo cinematográfico “La Casa de la Tos” de Pontevedra, e como acto previo a XX Semana de Cinema de Chantada, organizou o 1º Campamento de Cinema e Ecoloxía, os días 10 e 11 de agosto no Ecoespazo da Aldea de Garabelos en Chantada. Este campamento ten o obxectivo dun achegamento a creación cinematográfica e a súa vinculación a divulgación e concienciación ambiental. Dirixido a familias con fillos e a todas as persoas que queiran participar de xeito individual.

Cada familia ou participante deberá traer a súa tenda de campaña aínda que a organización pon a dispor varias tendas familiares e individuais para aqueles que non dispoñan dela.

Unha vez montadas as tendas empezaran uns sinxelos obradoiros de cinema baseados en como rodar na natureza. Despois cada participante poderá rodar as súas primeiras imaxes das árbores da contorna. As 10 da noite, cunha pantalla instalada entre os troncos de cúas sobreiras, proxectáronse as primeiras curtametraxes e documentais sobre cinema e ecoloxía.

O domingo pola mañá tivo lugar un roteiro documental no que viaxamos polas fragas e soutos da comarca até o lugar de Pousada, para coñecer un carballo de 400 anos de vida, namentres rodamos distintos aspectos da natureza. Convidase aos participantes a un xantar ecolóxico. Despois do xantar tivo lugar unha sesión de contos ambientalistas. Rematou o campamento coa proxección e entrega, aos participantes do documental e as curtametraxes elaboradas nesta campamento.

O número de persoas que participaron neste 1º Campamento de Cine e Ecoloxía foi de 50.



XX Semana de Cinema

12-08-2013- Las aventuras de Sammy

13-08-2013- La vida de Pi

14-08-2013- Asolagados

15-08-2013- Bestias del Sur salvaje

16-08-2013- Los miserables

Tamén se proxectaron as seguintes curtametraxes:

O correo da alma

Ulises

Asombrados

Os chinchons

Los pájaros no miran hacia arriba

No me da la gana

Narcocorrido

As proxeccións contaron todas con moita participación, superando a maior parte delas as 300 persoas. Cabe resaltar o documental "Asolagados" onde se contou con máis de 500 asistentes.

Cinema Palleiriso

participación 25 persoas

Obradoiro de traballo para a transformación dun pallar nunha sala de cinema rural, na aldea rural de Garabelos en Chantada. Desenvolto na data do 8 de Decembro. Se adquiriron 15 cadeiras dos vellos cines da comarca, Capitol e Yeca de Chantada, e do Cine de Escairon. Innaugurouse coa proxección de filmes mudas en Super 8 coa acompañamento musical do Cego da Zanfona, Franciso Romualdo.

Noddy, As festas da palma e Os titiriteiros da cabra; e unha *performance* de transformación da fita de super 8 a cargo de Cris Lores e Belén Veleiro.



CINECLUBE A CALEXA

No ano 1997 un grupiño de xente do máis heteroxéneo, salvo na nosa afección ao cine, nos reunimos nunha mesa da Casa da Cultura de Monforte ante unha convocatoria que vimos nos medios de comunicación locais. Tratábase de organizar un cineclube en Monforte: mellor aínda, tratábase de que en Monforte puidese verse un cine distinto, ese cine que aparece rara vez na carteleira das cidades medianas ou pequenas como a nosa. Dese grupiño saíron ideas, saíu o compromiso de organizarse, e incluso saíu o nome do futuro cineclube (unha resurrección reverencial dunha sorte de cineclube que existira anos atrás: A Calexa).

Como acontece con toda asociación cultural que se prece, os primeiros tempos foron de entusiasmo desaforado: nuns días estaban redactados os estatutos, comprometido un boletín periódico, encargados programas de man e posta en marcha unha modesta programación, organizada ás veces en ambiciosos ciclos temáticos ou de directores. Estas primeiras proxeccións tiñan lugar na Casa da Cultura e alongábanse nun animado cinefórum.

Daquela Monforte tiña un vetusto cine, o Cine-teatro Lemos, que xa estaba agonizando cando demos a nosa primeira película en 35mm, *Reservoir dogs*. Aquel día vimos claro que o futuro do noso cineclube estaba en proxeccións en pantalla grande. E cunha proxección neste formato tivemos o honor de despedir o Cine-teatro Lemos para sempre. A súa última película foi patrocinada con todo o aparato posible polo noso cineclube, nunha xornada histórica no cine en Monforte onde o escenario máis tradicional do cine na cidade era despedido con agarimo pola versión máis integrista dun cineclube: *O Tren de sombras* de José Luis Guerín. Unha sesión derivada case nun mito para nos, da que nos levaría moito tempo falar...

A cuestión é que a modernidade chegou á nosa cidade representada por tres salas con todas as condicións esixibles a un cine moderno: os Multicines Hollywood. Co tempo, cineclube A Calexa chegou a un acordo coa empresa que rexenta o cine e tamén fomos dando coa



fórmula: proxectar unha película todos os mércores fin de mes, e organizar unha mostra de cine.

O cineclube ten colaborado de xeito moi activo con todo tipo de asociacións e colectivos (Asociación de Ferrocarriles, Asociación Salvador Allende, Alcohólicos Anónimos, Drogodependencias...), e as súas proxeccións estendéronse tamén ao público infantil nas datas de vacacións. Organizadas polo menos dúas ceas anuais abertas a todo aquel interesado no cinema nas que as conversacións sempre derivan no mesmo tema: a nosa insubornable afección polo bo cine.

A presenza do noso cineclube nos medios de comunicación tamén ten sido moi intensa, por canto é colaborador asiduo da televisión e radio locais, fomentando o gusto polo bo cine e comentando as ofertas cinematográficas do noso contorno inmediato.

O Cineclube A Calexa ten acadado un relevo e unha transcendencia na vida cultural de Monforte que nunca pensamos que ía ter.

O Cineclube A Calexa de Monforte de Lemos perante o ano 2010 e despois de 13 anos de programación continua e 10 Mostras de Cinema, decidiu única e exclusivamente adidicarse a todas as colaboracións que lle foron solicitadas. O principal motivo foi non aventurarse a ter problemas económicos e só realizar aquilo que podiamos asegurar economicamente. Así coma salvar os potenciais e recursos económicos para o ano 2011

No ano 2011 ante as continuas manifestacións e o desexo da poboación monfortina e mais dos medios de comunicación voltamos en Outono, coa XI Mostra de cinema e a publicación das bases para o IIIº concurso de curtas infantís e xuvenís, contando coma en anos anteriores coa colaboración dos Institutos e colexios da comarca de Lemos e do sur da provincia.

Tamén neste ano temos que cumprir cunha antiga idea do cineclube: facer todo o posible por agasallar e honrar o primeiro personaxe que trouxo o cine a cidade de Monforte , o derradeiro Barbajelata que vive en Lugo actualmente. Poderemos contar con el na XI mostra de



cinema e na entrega de premios de curtas infantís xa que pensamos poñerlle o seu nome (agardamos que a súa saúde llo permita).

Temos a débeda e a obriga con esta cidade de non deixar de proxectar en sala cinematográfica, xa que a súa resposta o longo destes anos foi moi boa, até chegar a formar parte da vida cultural dos monfortinos. Tamén temos proxectado facer un libro da historia do cineclube a petición dunha editorial e unha exposición co extenso material que posuímos .

O cine en sala non deixara de existir en Monforte mentres nós podamos, con todas as colaboracións que poidamos, sexan particulares ou institucionais, sen esquecer a Cinemas Dixitaís, CGAI e programacións da Xunta.

Coma sempre agardamos a todos e todas, en Monforte, ao carón do Cineclube A Calexa.

Ano 2013

A pesares de non poder manter unha programación continuada o longo do ano 2013, o cineclube A Calexa levou a cabo actividades propias e outras de colaboración, que contribuíron a que Monforte en dito ano se convertira nun pequeno referente audiovisual en Galicia.

Colaboración co I.E.S Daviña Rei

O cineclube A Calexa colaborou coa produtora monfortina Amanita Films na estrea da última curtametraxe producida por ésta “Deil”.

O filme foi rodado en outubro do ano pasado na parroquia de Vilaescura e é a primeira produción de Amanita Films, encadrada no xénero do terror psicolóxico. O filme foi dirixida polo realizador asturiano David Rodríguez e interpretada polos actores profesionais Borja Luna, Carles Moreu e Julio Vélez. Amanita Films produciu anteriormente os filmes de ficción *Esliva*, *Un cobarde* e *Birthday* todos eles rodados no sur lucense, e ten previsto dous documentais.



O Cineclube A Calexa participou na XXX edición do Festival internacional de Bogotá, coa presenza do seu presidente. Formou parte como moderador das diversas ponencias e levou a cabo una conferencia no Museo nacional, podendo dar a coñocer tamén, o traballo da Federación de Cineclubes de Galicia.

XIII Mostra de Cine de Monforte

Asistencia en torno as 600 espectadores

11-11-2013- Bestias del sur salvaje

12-11-2013- En la casa

15-11-2013- Asolagados

15-11-2013- Matisse se escribe con dos eses

18-11-2013- Invasor

19-11-2013- Animal Kingdom

Encontro de Cineclubes

Dentro do marco da Mostra de Cinema tivo lugar un Encontro de Cineclubes, os días 17 e 18 de novembro. Asistiron representantes dos cineclubes que integran a Federación de Cineclubes de Galicia, das Federacións Catalana e Portuguesa de Cineclubes de da Filmoteca Nacional de Catalunya.

Xornadas Audiovisuais de Monforte de Lemos

23,26,27,28 de decembro. Integradas por charlas e proxeccións relacionadas cos temas tratados.



CINECLUBE GROUCHO MARX

O Cineclub Groucho Marx inicia a súa andaina a principios do ano 1980. O seu obxectivo fundamental, ademais da exhibición e o debate sobre o cinema de calidade, é inserir a súa participación nos medios audiovisuais como soporte de gran transcendencia para a expresión e a defensa da nosa cultura a través da imaxe.

Despois de numerosas dificultades nos primeiros anos, causadas polo peche intermitente da sala de cine onde realizábanse as proxeccións, pasou a converterse nunha das entidades pioneiras co desenvolvemento de proxectos de carácter experimental e nos que participaban un bo número de persoas relacionadas co mundo audiovisual galego e español.

Xa no ano 1985, crea a que se denominou “TV Groucho Marx”, unha experiencia única no Estado español até aquel ano, que se baseaba na participación de moitos profesionais que se achegaron a O Barco de Valdeorras, a ensinar aos diferentes equipos formados para o proceso comunicativo. Así, eran realizados programas de produción propia, informativos e unha sección dedicada aos traballos de videocreación que se presentaban para a proxección nas xornadas da semana de cine.

Inserir o cinema no ensino foi un proxecto no que estaban implicados todos os niveis de todos os centros, EXB, Instituto de Bacharelato e FP, funcionando dun xeito coordinado con todos eles e desenvolvendo diversas experiencias pedagóxicas. Había grupos de debate nos que participaban os directores dos centros, mestres de diferentes materias, alumnos e membros do cineclub Groucho Marx. Deste xeito determinábase o programa a seguir.

Os resultados destas e outras experiencias eran expostos en varios foros polos membros do cineclub convidados a tal efecto, como nas “Xornadas de Pedagogía da Imaxe” organizadas polo Centro de Enseñanzas Integradas e a Generalitat Valenciana (en Valencia), a participación no Festival Internacional da Infancia e a Xuventude de



Xixón como xurado cualificador cun grupo de doce nenos pertencentes ao propio Cineclub Groucho Marx e que formaban parte do equipo redactor da publicación diaria do festival, e na produción dos talleres de imaxe en funcionamento.

Ten publicación periódica que contén artigos de opinión e información detallada da programación. Chegou a ter un diario propio, o *Diario Marxista*.

Normalmente vén realizando unha media de máis de 100 proxeccións anuais, no salón de actos da Casa da Cultura do Barco. Debido ás obras de reforma á que estivo sometida a citada Casa, tivo que suspender temporalmente a súa actividade no ano 2005. En xuño de 2006 voltou a súa actividade. Na actualidade mantén unha programación regular dun filme semanal, agás nos meses de xullo e agosto, e organiza unha semana de cinema.

Ano 2013

Os filmes seleccionados para configurar a programación ordinaria do ano 2013 foron os seguintes:

- 10-01-2013- El artista y la modelo*
- 17-01-2013- Todo es silencio*
- 24-01-2013- En la casa*
- 31-01-2013- Operación E*
- 14-02-2013- La parte de los ángeles*
- 21-02-2013- El capital*
- 28-02-2013- Las mujeres de la 6ª planta*
- 07-03-2013- De óxido y hueso*
- 14-03-2013- La hija de mi mejor amigo*
- 21-03-2013- The master*
- 04-04-2013- Una pistola en cada mano*
- 11-04-2013- Las sesiones*
- 18-04-2013- Volver a nacer*
- 25-04-2013- Hitchcock*
- 09-05-2013- César debe morir*



23-05-2013- *Más allá de las colinas*
30-05-2013- *Hasta la vista*
06-06-2013- *Bestias del sur salvaje*
13-06-2013- *Y ahora a donde vamos*
20-06-2013- *En la niebla*
27-06-2013- *La soledad de los números primos*
26-09-2013- *Searchin for sugar man*
03-10-2013- *Paraiso: amor*
17-10-2013- *Paraiso: fe*
24-10-2013- *Paraiso: esperanza*
07-11-2013- *El festín de Babette*
14-11-2013- *Madrid 1987*
21-11-2013- *Turistas*
28-11-2013- *On the road*

Commemoración do “Día das Letras Galegas”

16-05-2012- *O apóstolo (galego)*

XXIII Semana de Cinema

23-08-2013- *Blancanieves*
23-08-2013- *El hobbit*
24-08-2013- *Amor*
25-08-2013- *Yoko*
25-08-2013- *Somos gente honrada*
26-08-2013- *El lado bueno de las cosas*
27-08-2013- *Los amantes pasajeros*
27-08-2013- *Memorias de un zombie adolescente*
28-08-2013- *La mejor oferta*
29-08-2013- *El muerto y ser feliz*
29-08-2013- *Las aventuras de Tadeo Jones*
30-08-2013- *360 juego de destinos*
31-08-2013- *Monsters University*
31-08-2013- *Ayer no termina nunca*
01-09-2013- *Hijos de la media noche*



CINECLUBE POLEIRO

O Cineclubes Poleiro, que naceu dentro da Asociación Cultural Eliseo Alonso, foi creado en marzo de 1998, aínda que os seus estatutos non se constituirán até setembro do mesmo ano e a súa inscrición no Rexistro de Cineclubes de Galicia non se fixera efectiva até marzo do 1999 no número C-43. A partir dese momento intégrase na Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga).

O Cineclubes Poleiro empezou coa mesma finalidade xeral ca propia asociación: servir como xerme de promoción cultural dentro da nosa comarca, o Baixo Miño, e propoñer puntos de encontro cultural dentro da nosa comunidade.

Durante sete anos, até o ano 2005, as súas actividades se levaban a cabo no Cine Avenida da Guarda. Coa nosa actividade quixemos achegar ao cinema de calidade a unha comarca que durante as últimas décadas foi comprobando como os cines foron desaparecendo dos seus concellos. Pensamos que a selección de filmes que fixemos, constitúe unha boa forma de dar a coñecer unha representación do cinema máis actual, lonxe moitas veces dos circuítos comerciais.

O Cineclubes Poleiro tivo que rematar a súa actividade cando o Cine Avenida pechou. Nestes intreos, co peche tamén dos cines de Tui, non queda cinema ningún no Baixo Miño. O cinema, entendido como unha actividade artística importante dos nosos días queda, deste xeito, unha vez máis alleo a unha comunidade só porque non constitúe un marco urbano grande ou está lonxe deste.

Dende o fin da nosa actividade até agora, procuramos un lugar onde poder reiniciar unha nova xeira (isto foi imposible). Aínda que apareceron novos espazos públicos, comprobamos como estes non estaban dotados cos medios necesarios para unha actividade cinematográfica adecuada. Coa dotación do Auditorio do Multiusos de Goián con medios de proxección audiovisual tivemos de novo a oportunidade de reiniciar en marzo deste ano a actividade do



Cineclub Poleiro. Neste comezo, fomos gratamente sorprendidos por unha alta asistencia dos socios, entre 80 e 120 dependendo do filme. Mantemos unha programación regular dun filme o primeiro xoves de cada mes, de xaneiro a xuño e de outubro a decembro.

Estes foron os filmes que programamos o longo do ano **2013**:

10-01-2013- Kiseki

07-02-2013- Honeymooms

07-03-2013- The deep blue sea

04-04-2013- Holy motors

02-05-2013- Bonsai

06-06-2013- En la casa

10-10-2013- Profesor Lazhar

07-11-2013- Searching for sugar man

16-11-2013- Pollock

17-11-2013- Seraphine

24-11-2013- Conversaciones con mi jardinero

12-12-2013- Tabú



CINECLUBE CARBALLIÑO

O Cineclubes Carballiño voltou á actividade o pasado en novembro de 2012 tras varios anos de “descanso” por diversos motivos, que deixaron sen cine a O Carballiño, xa que a vila tampouco contaba xa con salas de exhibición cinematográfica. O feito de que o concello dotase ao auditorio municipal dos medios técnicos necesarios para proxectar tanto en 35 mm como en alta definición fai xa case xa dous anos, fíxonos pensar moi seriamente en voltar, e así foi finalmente.

Nestes meses fixemos sempre unha proxección semanal os venres, en dúas sesións, de 20:30 e 23:00 horas, e nalgúns casos tamén algún dos días da fin de semana. Traballamos na maioría dos casos coa Federación de Cineclubes de Galicia (Feciga), que é quen coordina a petición dos filmes, a publicidade, a entrega e recollida, etc. Noutros casos, tamén fixemos colaboracións con outras institucións, como a Fundación Vicente Risco, coa que colaboramos para proxectar cinema clásico alemán. Intentamos ademáis darlle oportunidade a novos realizadores para que a súa obra sexa coñecida, polo que fixemos sesións dedicadas a cinema de non doada distribución e exhibición, así como tamén cinema de animación. Por último, nun intento por achegar o cinema aos máis xoves, fixemos proxeccións para escolares nas que participaron diversos colexios e institutos da comarca.

Un momento importante para nós, foi a organización dun festival de cinema galego no Nadal, a primeiros de xaneiro, onde proxectamos tres longametraxes, dous documentais e máis de 20 curtas, contando coa colaboración do Concello do Carballiño e de Cinemas Dixitais. Nestas proxeccións contamos tamén coa presenza de actores e directores dos filmes, experiencia que repetimos en varias ocasións xa que pareceunos moi interesante o contacto entre os autores e o público.

Ao longo destes meses fomos establecendo contacto e colaboración con diversas asociacións culturais da vila, coas que organizamos diferentes actividades: concertos, presentacións de libros, proxeccións de filmes, conferencias e charlas, etc. Isto último foi para



nós unha gran satisfacción xa que permitiunos abrir o abano de accións que realizamos máis aló da proxección cinematográfica, que lóxicamente é o fundamento da nosa existencia.

2013

Proxeccións ordinarias

Todos os venres, en sesións de 20 e 23 horas, no Auditorio Municipal, proxectamos un filme precedida dunha curta, agás nos meses de xullo e agosto. Os filmes seleccionados foron:

- 04-01-2013- El ladrón de palabras*
- 11-01-2013- El profesor*
- 18-01-2013- En la casa*
- 25-01-2013- Argo*
- 01-02-2013- El artista y la modelo*
- 08-02-2013- Grupo 7*
- 15-02-2013- Operación E*
- 22-02-2013- Todo es silencio*
- 01-03-2013- Marieke*
- 08-03-2013- Tabú*
- 15-03-2013- Blancanieves*
- 05-04-2013- The master*
- 12-04-2013- Amour*
- 19-04-2013- Las flores de la guerra*
- 26-04-2013- Holly motors*
- 10-05-2013- Las sesiones*
- 14-05-2013- Palestina sen barreiras*
- 24-05-2013- De óxido y hueso*
- 08-06-2013- El capital*
- 14-06-2013- Efectos secundarios*
- 21-06-2013- El ejercicio del poder*
- 28-06-2013- La caza*



Curtametraxes e documentais curtas

O templo da Veracruz

Friendship

El vendedor de humo

Noite de ronda

Bisclavert

Paths of hate

366 tage

The saga of biorn

Proxeccións extraordinarias

Conmemoración do día das letras galegas:

15 de maio, proxección de *Linguas cruzadas* ás 20:00 horas no Auditorio Municipal;

16 de maio, proxección de *Morreu o demo, acabouse a peseta*, coa presenza do seu director e parte da equipa técnica, ás 20 e 23 horas, no Auditorio Municipal.

Conmemoración da Al-Nakba:

14 de maio, proxección dun filme palestino, na Casa da Cultura, ás 20 horas, en colaboración co Festival Amal e BDS Galiza.

Festival Bioterra:

24 de maio, proxección do documental *Con tu dinero*, en colaboración con AIS O Peto, Coop57 e Fiare, acompañado dunha mesa redonda sobre finanzas éticas, coa participación de membros dos tres colectivos. Auditorio Municipal, ás 20:00 e ás 23:00 horas.

O número de espectadores que asistiron as proxeccións do venres durante o primeiro semestre do ano foi de 2.211.

O número de persoas que asistiron ás outras actividades foi de 687. Destacar, sobre todo, os títeres con 314 espectadores.

As actividades deste segundo semestre do ano 2013 iniciáronse cun ciclo de cinema ao aire libre, **Flores de cinema**, realizado no barrio de



Flores do Carballiño os días 29, 30 e 31 de xuño, cunha afluencia media de 60 espectadores cada día. Proxectáronse unha escolma de curtas de animación, o documental *O mundo segundo Monsanto* e o filme *Rashomon*.

No verán tamén se levaron a cabo outras actividades. O 27 de agosto organizouse o espectáculo *Pardedous +1*, que combina música en directo e poesía; realizouse no Café Cultural 7 Flores, cunha asistencia de máis de 100 persoas, quedando xente sen poder asistir ao mesmo por falta de aforo. O día 7 de setembro, no Auditorio Municipal, celebrouse un concerto do grupo *Sol Music*, coa asistencia de 87 persoas.

As proxeccións habituais de venres en sesións de 20 e 23 horas escomezaron o día 27 de setembro, coa proxección de *Charada* para celebrar a nosa sesión nº 100 e unha pequena festa de inauguración desta nova tempada 2013-2014. Dentro destes actos, o día 29 celebrouse un concerto de piano a cargo de Severiano Casalderrey, que interpretou pezas dalgunhas das máis coñecidas bandas sonoras da historia do cinema. A asistencia foi de 78 persoas.

A partires desa data, as proxeccións continuaron coa regularidade de ser todos os venres agás os festivos. Os datos son os seguintes:

Programación regular

27-09-2013- Charada

04-10-2013- A puerta fría

18-10-2013- Laurence Anywais

25-10-2013- La mejor oferta

08-11-2013- Una casa en Córcega

15-11-2013- Inch' Allah

22-11-2013- The acto of killing

29-11-2013- Mud

Semana de Cinema

Ciclo Tan lonxe, tan cerca

26-12-2013- Confessions



27-12-2013- *El Cairo 678*

28-12-2013- *Animal kingdom*

29-12-2013- *Estación central do Brasil*

Número total de espectadores: 570

Este último dato refleja unha caída de 21 espectadores por filme con respecto ao mesmo período do ano pasado.

En canto ás actividades que vimos desenvolvendo en coordinación cos centros de ensino da comarca, continuamos co concurso para asistir de balde ao cinema para os estudantes dos IES Nº1 e Chamoso Lamas e organizamos, ademáis, a proxección neste segundo centro do documental *As Silenciadas*, coa presenza do seu director Pablo Ces e da súa guionista Aurora Marco.



CINECLUBE DE COMPOSTELA

A fundación do Cineclub de Compostela data da primavera de 2001, cando un grupo de mozos universitarios, estudantes da Facultade de Ciencias da Comunicación, comezaron a proxectar filmes en vídeo no devandito centro educativo. As proxeccións duraron tres meses, de marzo a maio. Cada filme viña acompañado dunha recensión na que algún dos integrantes, realizaba un estudo crítico da obra, práctica que continuou desde aquela. Esta experiencia inicial foi un ensaio do que chegaría a ser logo o Cineclub, xa que nese tempo, unha vez confirmada a existencia dun público para ditas actividades, organizáronse: constituíse como asociación cultural, xurdiron as primeiras ideas, trabáronse relación cos espectadores interesados no proxecto... Foise deste xeito, formando un grupo de persoas que querían facer cousas, entre as que se distribuíron as funcións básicas. Eran as trazas do futuro Cineclub.

En xaneiro de 2002, comezou a segunda xeira do Cineclub, exhibindo xa filmes en formato cinematográfico, 16mm ou 35mm, todos os martes no Auditorio da Facultade de Xornalismo.

Nese tempo, comezouse a formar un fondo de arquivo de vídeo, revistas e libros, aos que tiñan acceso os nosos socios e socias, e que servía como unha canle alternativa para achegarse ao cinema.

Na cuarta xeira (2003), houbo importantes cambios: se ampliou a duración das actividades a oito meses (de outubro a maio) e as proxeccións trasladáronse a Sala Yago. O troco de espazo, supuxo un incremento de público superior ao 100% situando nunha media de 200 espectadores.

Despois de pechar a Sala Yago, na última xeira, o cineclub vese obrigado a empregar a vídeo-proxección e o fai no Local Social de «O Pichel», sito na rúa de Santa Clara. Debido a súa autista e pouca interacción social, terás que consultar a súa pasada programación no seu [blogue](#).